

BANDO

Manuel Antelo Pazos, alcalde do Concello de Vimianzo

pon en coñecemento para todas as veciñas e veciños:

Que o territorio do Concello de Vimianzo disporá proximamente de conexión 4G utilizando as antigas frecuencias da TDT. Este feito ofrécelle ás persoas usuarias unha mellor calidade de conexión de datos e unha cobertura máis ampla.

A prestación de servizos móbiles deste tipo pode levar aparelado que, nalgúns casos, a sinal de TDT se vexa afectada, se reciba con interferencias ou deixen de recibirse algunhas canles.


As persoas que, nos vindeiros días, se vexan afectadas por problemas de recepción das canles da TDT deben poñerse en contacto, de maneira totalmente gratuíta, coa empresa designada polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, para solucionar este tipo de problemas a través do teléfono 900 833 999.

Neste teléfono ofreceranlle todo o tipo de información ao respecto e faranse cargo de solucionar os problemas da TDT sempre que se deban á utilización das antigas frecuencias para a conexión 4G.

Non se presentarán nas súas casas técnicos sen que os chamaran e non deberán aboarlle ningunha cantidade a ninguén por solucionar os problemas da TDT nin por facer ningún tipo de revisión.

Vimianzo, 4 de abril de 2017

O alcalde



CONCELLO DE
VIMIANZO (A Coruña)
ALCALDÍA